

ESPECIALISTA ^{en}

*Edición. A cadea do libro:
deseñar, executar e resolver
proxectos editoriais*

(32 ECTS)

Preinscrición

01/06/2023-04/09/2023

Matrícula

17/07/2023-11/09/2023

Docencia

11/09/2023-31/05/2024

eafp.uvigo.gal



ESPECIALISTA^{en}

*Edición. A cadea do libro:
deseñar, executar e resolver
proxectos editoriais*
(32 ECTS)

Preinscrición
01/06/2023-04/09/2023
Matriculación
17/07/2023-11/09/2023
Docencia
11/09/2023-31/05/2024

Universidade de Vigo

Campus Aberto

Trátase do primeiro título propio de Especialista en Edición emitido por unha universidade pública galega. Con este título propio, o alumnado adquirirá as competencias profesionais necesarias que lle permitan incorporarse ao mundo laboral por conta propia ou allea, tanto para traballar para unha editorial, coma para prestar servizos editoriais a outras entidades que entre as súas actividades estea a edición, como museos, servizos de publicacións, institucións públicas etc.

O título divídese en cinco materias que seguen as fases da cadea de valor do libro. A docencia combina teoría e práctica. Esta última realízase a partir de textos e proxectos reais de editoras profesionais que están no mercado galego.

Datos básicos

- Número de prazas: 25
- Duración: do 11 de setembro de 2023 ao 31 de maio de 2024
- Horario: mércores e xoves de 16.00 h a 20.00 h
- Número de créditos: 32 ECTS
- Número de horas de docencia: 240 horas
- Lingua de impartición: galego
- Modalidade de ensino: presencial, na Facultade de Filoloxía e Tradución
- Dirección académica: Ana Luna Alonso | 986 812 064 | aluna@uvigo.gal

Prezos

- Público en xeral: 1400 €
- Alumni UVigo: 1260 €
- Comunidade UVigo: 1190 €
- Persoas desempregadas ou con discapacidade: 1190 €

Perfil das persoas interesadas

Persoas interesadas no mundo da edición. Trátase de adquirir competencias profesionais que permitan saber como se fai un libro e coñecer todo o proceso.

Profesorado

- Ana Luna Alonso: profesora titular de Tradución da UVigo, integrante do grupo de investigación Bitraga e especialista en políticas editoriais de tradución.
- Cibrán Rico López e Suso Vázquez Gómez: licenciados en Arquitectura pola ETSA da Universidade da Coruña, integran o estudio de deseño Describir, cuxos traballos acadaron múltiples premios nacionais e internacionais. En 2012 fundan Fabulatorio, editora especializada en proxectos de arte, deseño e cultura visual...
- Isidro Dozo Valladares: licenciado en Publicidade e Comunicación pola UVigo, con máis de 20 anos de experiencia. En 2016 cofunda Catro Ventos Editora (Premio Galego aos Valores Cooperativos en 2021)
- Laura Sáez: licenciatura en Tradución e mestrado en Edición da USC. É editora, tradutora, escritora e, como editora, fundou e dirixe a editorial PatasdePeixe.
- Patricia Buján Otero: profesora asociada de Tradución, integrante do grupo de investigación Bitraga, tradutora, correctora e editora (Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega)
- Xosé Antón González Serén: licenciatura en Historia e mestrado en Edición de Libros da Universidade de Salamanca. Conta con 20 anos de experiencia profesional na edición (entre outros, Obradoiro-Santillana, Através Editora)

Programa

- O sector do libro e da edición en Galicia (5 ETCS)
- Produción editorial (8 ECTS)
- Deseño editorial (8 ETCS)
- Corrección de textos e documentos (4 ECTS)
- Comercialización e comunicación (5 ETCS)
- Traballo de fin de título (2 ECTS)

Competencias

- Coñecer as dinámicas das industrias culturais en Galicia
- Comprender o valor estratéxico do sector do libro na cultura e a economía galegas
- Coñecer as características do sector editorial galego
- Entender a importancia do fomento da lectura
- Coñecer os diferentes elos da cadea de valor do libro
- Identificar outros ámbitos de fóra do sector do libro con demanda de servizos editoriais
- Saber xestionar un proxecto editorial
- Saber calcular os tempos e custos para desenvolver un proxecto editorial
- Saber coordinar un equipo formado por diferentes profesionais
- Ser capaz de avaliar a calidade dunha publicación e dun catálogo editorial
- Coñecer en que consiste a composición de libros e saber executala
- Coñecer as características e funcionamento das artes gráficas
- Saber tomar decisións axeitadas nas escollas da execución material da publicación
- Saber corrixir textos e documentos destinados á publicación
- Comprender a importancia da comunicación da marca e o produto editoriais
- Dominar os recursos e estratexias de márketing para a comunicación dun produto editorial
- Familiarizarse coas canles de distribución do libro
- Coñecer formas de emprendemento, en particular, dentro da economía social